



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Iniciativa Emprendedora	Código	760492020	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Agullo Leal, Fernando	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es	
Profesorado	Agullo Leal, Fernando	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es	
Web	fagullo.info			
Descrición xeral	<p>A asignatura de Iniciativa Emprendedora intégrase no plan de estudos do Máster Oficial en Xestión e Dirección Laboral con carácter optativo. Para xustificar a súa inclusión neste plan de estudos pódese dicir que é unha maneira de facer fronte a situación na que se atopan os mozos ao tratar de se incorporar ao mercado de traballo e as dificultades que teñen que superar quenes pertencen ao devandito colectivo e ademais son titulados universitarios. Aínda que a taxa de paro entre os universitarios veuse reducir nos últimos anos, estes seguen atopándose con moitas dificultades a hora de incorporarse ao mercado laboral e cando o conseguen é en condicións bastante precarias. Esta situación non é idéntica para todos os titulados xa que depende en gran medida do título que se posúa e da duración dos seus estudos, ou o que é o mesmo, do nivel do título alcanzado: diplomado, licenciado ou, doutor.</p> <p>Tamén ten a súa xustificación no feito de que os alumnos que se especialicen na xestión sociolaboral poderán non soio montala súa propia empresa senon tamen asesorar a outros a facelo. Nunha sociedade na que as formas de organización económica son cada vez máis complexas, é necesario para quenes dexesen por en marcha a súa propia empresa ou quenes se dediquen ao asesoramento na materia, o estudo da presente materia é, non só instrumento para o coñecemento e comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación de actitudes éticas e sociais fronte a problemas tales como a creación de riqueza pola empresa, o seu papel na economía, a súa función na distribución de riqueza, a situación actual do mercado de traballo para estes universitarios, en definitiva, a importante función social da empresa no momento presente, etc.</p> <p>Ante esta situación, e en consoancia co que se ven facendo dende a propia UE, dende a Universidade e outros estamentos oficiais, incorpórnse ao plan de estudos esta materia tratando de inculcar o espírito emprendedor e a metodoloxía da creación e dirección de empresas entre os universitarios, así como a súa capacitación para a elaboración do plan de empresa que todo proxecto empresarial require. En definitiva, téntase acadar que os alumnos teñan inquiredanzas polo eido empresarial, e que tras unha análise crítica da situación e da súa incorporación ao mercado laboral, espetar neles a súa capacidade creativa, e fomentar o espírito emprendedor.</p> <p>A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido técnico propio da economía empresarial, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa psicoloxía, a psicoloxía social e do traballo, a tecnoloxía, as técnicas e teorías da organización e da información, o dereito mercantil, etc. A parte da análise técnica, imprescindible para o coñecemento do funcionamento dunhas empresas cada vez máis complexas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o valor social do espírito emprendedor, concedéndolle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.</p> <p>A Integración desta asignatura no programa do máster queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Contesta á importante demanda social que nos últimos tempos esixe un coñecemento máis científico e técnico do ámbito sociolaboral e concretamente na dinamización do desenvolvemento local, meirande o asesoramento técnico nos concellos e outras institucións.2. Responde á letra e ao espírito da normativa legal que regula a propia Universidade xa que ésta ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta.			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
<p>Adquirir as habilidades e competencias necesarias para poñer en marcha unha pequena empresa ou a incorporación ao mercado de laboral como traballador autónomo. Coñecer de forma integrada a realidade da problemática da creación dunha empresa. Coñecer e aplica-los principios de formación básica na etapa de iniciación dun proxecto empresarial. Vivencia-lo esforzo do proceso de reflexión que supón a posta en marcha dun proxecto empresarial. Desenvolver no alumno o nivel de autonomía e competencia necesario para a creación de empresas e o autoemprego. Introducir ao alumno na análise e interpretación da bibliografía en torno ao eido da creación de empresas. Estimula-lo interese do alumno na procura de fontes de información primarias e secundarias, así como o manexo da documentación necesaria para a elaboración do plan de empresa e a súa presentación. Analiza-lo proceso de aprendizaxe na adquisición de habilidades necesarias para o funcionamento exitoso dunha empresa. Saber definir obxetivos, medios, estratexias axeitadas para o tipo de empresa que se proxecta create a súa contorna. Experimentar e supera-las dificultades que supón elabora-lo plan de empresa dun proxecto empresarial e adquirir a capacidade de esforzo e reflexión necesarios. Adquirir habilidades para traballar en grupo e facer exposicións públicas dos traballos realizados. Valorar socialmente a iniciativa emprendedora e recoñecemento do importante labor social. Valorar e entede-lo traballo dos compañeiros na facilitación da aprendizaxe. Integración do alumnos no traballo grupal. Saber aplica-las diferentes técnicas de observación da realidade para detectar ideas de empresa. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise de mercados. Coñecer e aplica-las técnicas do análise DAFO. Coñecer-las diferntes estratexias posibels para unha pequena empresa. Saber defini-las variables da mercadotecnia e aplica-las ao caso dunha pequena empresa ou dunha empresa de servizos do eido laboral. Coñece-las diferencias entre unhas formas xurídicas e outras, en canto a responsabilidade, requisitos, funcionamento, toma de dicisións, etc. Coñece-la ficalidade á que vaise ver sometida a empresa no seu funcionamento, tanto a imposición directa como indirecta. Adquirir competencias e habilidades que permitan atopar axudas para levar a cabo o proxecto.</p> <p>Saber facer o plan de empresa de unah pequena ou mediana empresa.</p>	AP1	BP2	CM4
	AP3	BP3	CM5
	AP4	BP4	
	AP5	BP9	
	AP10	BP10	
	AP11		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A creación de empresas e a iniciativa emprendedora.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción: o emprendemento e o valor social da creación de empresas 2. Os elementos esenciais no proceso de creación de empresas <ol style="list-style-type: none"> 2.1 A idea de empresa e manantiais para obtela. A validación da idea. O modelo de negocio (canvas). 2.2. O emprendedor: características do emprendedor e consecuencias da decisión de emprender 2.3 O plan de empresa: que é, para que e como se elabora. 3. Aspectos legais da creación de empresas. <p>Anexo. O asesoramento a emprendedores no proceso de creación de empresas.</p>



Tema 2. A elaboración do plan de empresa.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. O estudo de mercado <ol style="list-style-type: none"> 2.1 Obxetivos e fases da elaboración 2.2 A contorna e a creación de empresas 3. A análise DAFO 4. A mercadotecnia <ol style="list-style-type: none"> 4.1 O produto/servizo 4.2 O prezo 4.3 A distribución 4.4 A comunicación 5. A segmentación e a estratexia 6. A previsión de vendas
Tema 3. A viabilidade do proxecto empresarial	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción á análise económica-financeira dun proxecto empresarial 2. A análise financeira <ol style="list-style-type: none"> 2.1 O balance 2.2 Técnicas de análises 3. A análise económica <ol style="list-style-type: none"> 3.1 A conta de resultados (PeG) 3.2 Técnicas de análises
Anexo. Guía para a elaboración do plan de empresa	<p>Guía para a elaboración do plan de empresa</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. O estudo de mercado 3. O plan comercial 4. O plan de organización e de recursos humanos 5. Os aspectos legais 6. A análise económica-financeira 7. Conclusións 8. Anexos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A1 A10 A11 B2 B9 B10 C5	2	0	2
Sesión maxistral	A1 A10 B9 B10 C5	15	12	27
Simulación	A3 A4 A5 A10 A11 B3 B2 C4 C5	24	21	45
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



<p>Proba obxectiva</p>	<p>Proba escritura utilizada para la avaliación del aprendizaxe, cuxo trazo distintivo es la posibilidad de determinar si las respostas dadas son o no correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. Es de aplicación tanto para la avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas. Nas datas aprobadas en Xunta de Centro levará a cabo unha proba obxectiva na que o alumno terá que responder as preguntas dun cuestionario teórico-práctico (test de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto) ou preguntas de resposta aberta (breve explicación, resumo, representación e interpretación de gráficas, resolución de problemas, etc.) ou de ambos os tipos.</p>
<p>Sesión maxistral</p>	<p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, có fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debera polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmiti-los contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema. - Análise dos aspectos principais que integran o tema. - Síntese integradora do exposto. - Fixación breve e sinóptica do tema.
<p>Simulación</p>	<p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> <p>En concreto a simulación farese en tres fase:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1ª. Diseño do modelo de negocio (CANVAS) 2ª Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financeira 3ª Estudio de viabilidade do proxecto que se analiza co plan de empresa

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Simulación</p>	<p>Para un mellor rendemento na aprendizaxe e realización de traballos tutelados é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e así asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Simulación	A3 A4 A5 A10 A11 B3 B2 C4 C5	<p>Desenvolverase unha simulación ao longo do curso que consistirá nun xogo de simulación emprendedora.</p> <p>Esta simulación constitúe un exercicio completo e integrador, tanto pola diversidade dos aspectos que aborda como do número de variables que se manexan ao plantexar unha iniciativa emprendedora en grupo. Os alumnos, integrantes de cada un dos grupos de traballo, terán tamen o reto de asumir un determinado rol dentro do grupo co que, en función das súas competencias e coñecementos sobre determinados aspectos do traballo a desenvolver, cada un optimice as súas habilidades individuais poñendoas ao servizo do grupo para acadar os obxetivos propostos.</p> <p>O xogo de simulación emprendedora consistirá na posta en marcha dun proxecto empresarial para o que se fará o deseño empresarial e se elaborará un plan de empresa co correspondente análise da viabilidade.</p> <p>O traballo farase de forma grupal coas tarefas encomendadas en cada unha das tres fases. Estas fases serán as seguintes:</p> <p>1ª. Deseño do modelo de negocio (CANVAS)</p> <p>2ª Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financieira</p> <p>3ª Estudo de viabilidade (Excel) e presentación e entrega dun portafolios co Plan de Empresa e todo o traballo desenvolvido polo grupo no curso.</p>	70
Proba obxectiva	A1 A10 A11 B2 B9 B10 C5	<p>Farase unha proba obxectiva nas datas establecidas para exame final da asignatura que englobará os contidos da materia.</p> <p>A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc.</p>	30
Outros			

Observacións avaliación

A proba obxectiva formularase en castelán e se poderá responder e calquera das linguas oficiais da udc. En caso de desexala en galego, deberá indicarllo ao profesor una semana antes da súa realización.

Os estudantes con matrícula en réxime de estudo a tempo parcial e dispensa académica, aos que se lles recomenda seguir un plan de tutorías personalizado, terán o mesmo sistema de avaliación que os estudantes a tempo completo.

Cada unha das entregas e probas serán calificadas sobre dez para facilitar a súa comprensión. A calificación final (CF) de APTO acadarase con 5 puntos e será o resultado da seguinte operación: $CF = (Nota\ media\ das\ entregas\ da\ simulación \times 0,70) + (Nota\ da\ proba\ obxectiva\ final \times 0,30)$ Se non se realizar a proba obxectiva ou non se fan as entregas da simulación e o portafolios da simulación, a calificación nesa oportunidade será NON PRESENTADO.

No caso dos estudantes a tempo parcial que, con dispensa académica, non asistan as sesións presenciais poderán entregar o portafolios coas producións das diferentes fases da simulación non máis tarde da data do exame da oportunidade na que se presenten.

As calificacións das diferentes metodoloxías de avaliación da primeira oportunidade da convocatoria se manterán para a segunda oportunidade.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2019). Curso de Iniciativa emprendedora. moodle.udc: https://moodle.udc.es/course/view.php?id=44255 - PEÑA-LAGAZKUE, IÑAKI; GUERRERO, MARIBEL Y OTROS (2019). Informe GEM España 2018-2019 . Editorial Universidad de Cantabria. Santander - ALMOGUERA, JOSÉ ANTONIO Y OTRO (2000). Manual práctico de creación de empresas. Editorial SA de Promociones y Ediciones. Madrid - ALONSO JULIÁN, JOSÉ Mª (2000). Creación y gestión de la propia empresa. Editorial Santillana. Madrid - ASENSIO DEL ARCO, EVA Y OTRO (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Paraninfo. Madrid - BAYÓN, Mª I. Y OTROS (1.986). Cómo crear una empresa. Editorial CEOE-CEPYME. Madrid - BELMONTE SÁNCHEZ, INMACULADA Y OTRO (1998). Proyecto empresarial. Editorial Editex, SA, Madrid - BERMEJO, MANUEL Y OTROS (1996). La creación de la empresa propia. Consejos prácticos para su puesta en marcha con éxito. Editorial McGraw-Hill. Madrid - CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE MADRID (2000). Guía para la creación de empresas.. Editorial Cámara de Comercio e Industria de Madrid. Madrid - EQUIPO DE ECONOMISTAS DVE (1.991). Cómo crear su propia empresa. Editorial De Vecchi, S.A. Barcelona - GIL ESTALLO, Mª A. Y OTRO (1993). Cómo crear y hacer funcionar una empresa. Editorial ESIC. Madrid - HALLORAN, JAMES W (2000). Curso McGraw-Hill de creación de empresa. Editorial McGraw-Hill. Madrid - LUDEVID, M. Y OTRO (1994). Como crear su propia empresa. Editorial Marcombo, Madrid - PENALONGA, ANXO (2010). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Santillana.Madrid - SALINAS SÁNCHEZ, JOSÉ MANUEL (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial McGraw-Hill. Madrid - SOCIEDAD PARA LA PROMOCIÓN Y RECONVERSIÓN INDUSTRIAL, S.A (1986). Diez pasos para crear una empresa. Editorial el autor, Bilbao - SOUFI GÓMEZ, S. (1.997). Manual práctico de creación de empresas. Editorial Cinco Días. Madrid
Bibliografía complementaria	La bibliografía complementaria para preparar cada uno de los subtemas de esta asignatura se facilitan con los contenidos que se pueden descargar en la web http://fagullo.info

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Para cursar esta asignatura (optativa) non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos. Pero é unha asignatura de moito proveito cando o alumno ten idea de poñer en marcha un proxecto empresarial como vía para de acceso ao mercado laboral. A materia permitirá ao alumno coñecer como levar a cabo a posta en marcha e comprender o proceso de elaboración do plan de empresa e experimentar o traballo de reflexión que conleva. Tamén serve para coñecer o proceso para asesorar a outras persoas na posta en marcha de unha empresa. Para un mellor rendemento na aprendizaxe é importante facer titorías grupais e individuais. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" nesta materia deberán terse en conta as seguintes recomendacións:

- 1.- A entrega dos documentos producidos farase en formato dixital ou soporte informático, a través do correo electrónico, sen necesidade de imprimilos, excepto no caso que se indica no punto 2 (seguinte).
- 2.- Se o alumno ten a dispensa que contempla a udc para non asistir as sesións presenciais, as producións requeridas para a súa avaliación se farán todas agrupadas nunha única entrega en papel. Para facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, se fara a dobre cara, dúas páxinas por folla e sen plásticos.
- 3.- Nesta materia traballarase para incorporar a perspectiva de xénero e identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influir na contorna para fomentar valores de igualdade.
- 4.- Tamén facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, ou psíquicas, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria, adaptando para elo, previa solicitude do alumno, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación a cada caso particular.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías